

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE

9463 *Real decreto 775/2015, do 28 de agosto, polo que se modifican o Real decreto 650/1987, do 8 de maio, polo que se definen os ámbitos territoriais dos organismos de bacía e dos plans hidrolóxicos, e o Real decreto 125/2007, do 2 de febreiro, polo que se fixa o ámbito territorial das demarcacións hidrográficas.*

Con data do 9 de xuño de 2015 ditouse sentenza do Tribunal Supremo nos recursos contencioso-administrativos interpostos pola Xunta Central de Usuarios do Vinalopó-Alacanti e Consorcio de Augas da Mariña Baixa, o sindicato de regulación do río Turia e a Comunidade Xeral de Usuarios da Canle Xúcar-Turia contra as disposicións do Real decreto 255/2013, do 12 de abril, polo que se establecen a composición, estrutura e funcionamento do Consello da Auga da Demarcación Hidrográfica do Xúcar e polo que se modifican diversas normas relativas ao ámbito e constitución da dita demarcación hidrográfica e da Confederación Hidrográfica do Xúcar, que fixaban o ámbito da Confederación Hidrográfica do Xúcar (CHX) e delimitaban o ámbito da Demarcación Hidrográfica do Xúcar (DHX).

A sentenza estima parcialmente os recursos contencioso-administrativos interpostos pola Xunta Central de Usuarios do Vinalopó-Alacanti e Consorcio de Augas da Mariña Baixa, o sindicato de regulación do río Turia e a Comunidade Xeral de Usuarios da Canle Xúcar-Turia e declara a nulidade da disposición derradeira primeira e do ordinal primeiro da disposición derradeira terceira do Real decreto 255/2013, do 12 de abril.

Sostén o Tribunal Supremo que a proba practicada nos autos revela que o sistema formado polos ríos Quejola, Jardín e Lezuza xunto con Los Llanos é un endorreísmo natural, aínda que a dita característica non resolve por si soa a situación xurídica das ditas augas. Segundo o Alto Tribunal, a importancia desta masa de auga e as súas particularidades necesitan dunha resposta normativa clara que non contén o Real decreto 255/2013, do 12 de abril, polo que a sentenza require a Administración xeral do Estado para que realice unha máis precisa delimitación da situación xurídica dos ríos Quejola, Jardín e Lezuza e de Los Llanos, imposta polo artigo 16 do texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2001, do 20 de xullo.

Procede, en consecuencia, incluír no ámbito territorial da Confederación Hidrográfica do Xúcar e da Demarcación Hidrográfica do Xúcar o endorreísmo natural formado polo sistema que constitúen os ríos Quejola, Jardín e Lezuza e a zona de Los Llanos, dando unha nova redacción ás disposicións afectadas, isto é, o Real decreto 650/1987, do 8 de maio, polo que se definen os ámbitos territoriais dos organismos de bacía e dos plans hidrolóxicos, e o Real decreto 125/2007, do 2 de febreiro, polo que se fixa o ámbito territorial das demarcacións hidrográficas.

Na súa tramitación o real decreto foi sometido a informe do Consello de Nacional da Auga.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 28 de agosto de 2015.

DISPOÑO:

Artigo primeiro. *Modificación do Real decreto 650/1987, do 8 de maio, polo que se definen os ámbitos territoriais dos organismos de bacía e dos plans hidrolóxicos.*

O artigo 1.8 do Real decreto 650/1987, do 8 de maio, polo que se definen os ámbitos territoriais dos organismos de bacía e dos plans hidrolóxicos, queda redactado como segue:

«8. Confederación Hidrográfica do Xúcar.

Comprende o territorio das bacías hidrográficas intercomunitarias e, provisionalmente, mentres se efectúa o correspondente traspaso de funcións e servizos en materia de recursos e aproveitamentos hidráulicos, o territorio das bacías hidrográficas intracomunitarias comprendidas entre a marxe esquerda da Gola del Segura na súa desembocadura e a desembocadura do río Cenia, incluída a súa bacía; ademais, a bacía endorreica de Pozohondo e o endorreísmo natural formado polo sistema que constitúen os ríos Quejola, Jardín e Lezuza e a zona de Los Llanos.»

Artigo segundo. *Modificación do Real decreto 125/2007, do 2 de febreiro, polo que se fixa o ámbito territorial das demarcacións hidrográficas.*

O artigo 2.3 do Real decreto 125/2007, do 2 de febreiro, polo que se fixa o ámbito territorial das demarcacións hidrográficas, queda redactado do modo seguinte:

«3. Demarcación Hidrográfica do Xúcar.

Comprende o territorio das bacías hidrográficas intercomunitarias e, provisionalmente, mentres se efectúa o correspondente traspaso de funcións e servizos en materia de recursos e aproveitamentos hidráulicos, o territorio das bacías hidrográficas intracomunitarias comprendido entre a marxe esquerda da Gola del Segura na súa desembocadura e a desembocadura do río Cenia, incluída a súa bacía; ademais, a bacía endorreica de Pozohondo e o endorreísmo natural formado polo sistema que constitúen os ríos Quejola, Jardín e Lezuza e a zona de Los Llanos, xunto coas augas de transición. As augas costeiras teñen como límite sur a liña con orientación 100º que pasa polo límite costeiro entre os termos municipais de Elx e Guardamar del Segura e como límite norte a liña con orientación 122,5º que pasa polo extremo meridional da praia de Alcanar.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 28 de agosto de 2015.

FELIPE R.

A ministra de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente,
ISABEL GARCÍA TEJERINA